

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
14 DE AGOSTO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Jesús Veiga Sabín

Concelleiros

Dona Eva María Vilariño González

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don José María Laya Carril

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Don Antonio Medín Pena

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día catorce de agosto de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde accidental don Jesús Veiga Sabín e asisten os seguintes concelleiros: dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Pena Medín; don José María Laya Carril, don Antonio Cortizas Rodríguez, e don Miguel Anxo Abreira Sobrado.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 07 de agosto de 2006, coa abstención do Sr. Abreira Sobrado, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.- Dáse conta e quedan informados das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, números 657/06 a 911/06, ambas incluídas, as cales estiveron a disposición dos Sres. concelleiros dende a convocatoria da sesión.

3.- De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello acorda por unanimidade fixar en seis (6) o número de **licenzas de auto-turismo**, clase B) no municipio de Miño, atendendo ao número de habitantes e á necesidade de que durante o verán se atenda este servizo, cun aumento considerable da poboación.

Deste acordo darase conta á Dirección Xeral de Transportes e á Agrupación local de auto-turismos para o seu coñecemento, con indicación dos recursos que contra este acordo poidan interpor.

4.- CAMBIO DE PARADA DE AUTOTURISMO.- Vista a proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello de conformidade con esta acorda por unanimidade que mentres duren as obras de remodelación da rúa da Carreira en Miño, se cambie a parada de taxis e se instale na rúa Galea de Miño.

Que este acordo se notifique á Agrupación local para o seu cumprimento e á Policía local para que proceda á sinalización da nova parada.

5.- CONTRATACIÓN OBRAS DE SANEAMENTO NO MUNICIPIO.- Incoado o expediente para a contratación das obras "Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro, e Rede de captación de pluviais no núcleo de Miño (2ª Fase), mediante concurso público aberto.

Redactados os pregos de cláusulas administrativas, con consignación para esta obra de carácter plurianual, e evacuados os informes de Secretaría e

Intervención, tal como obran no expediente, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o proxecto técnico das obras de “Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro, e a Rede de captación de pluviais no núcleo de Miño (2ª Fase), redactado polo enxeñeiro de Camiños D. Javier López Pita, Colexiado número 5009, cun orzamento de execución por contrata de 4.059.752,75 euros.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas, dispoñendo en exposición ó público durante un prazo de oito días en forma regulamentaria, para que poidan presentarse reclamacións que serán resoltas polo Pleno do Concello, anunciando ao mesmo tempo a licitación que se aprazaría se resulta preciso.

3º.- Aprobar o expediente de contratación das obras, cun orzamento de execución por contrata de 4.059.752,75 euros e cuxo detalle inicial por anualidades é o seguinte:

<u>Importe Partida</u>	<u>Partida Orzamentaria</u>
2006 – 1.000.000,00	511/611.00
2007 – 1.500.000,00	511/611.00
2008 – 1.500.000,00	511/611.00
2009 - 59.752,75	511/611.00

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante concurso público aberto e tramitación ordinaria.

6.- CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO MUNICIPAL.- O concelleiro do B.N.G., Sr. Abraira Sobrado, dá lectura ao seguinte escrito: “O día 11/08/06 saía publicado no diario La Opinión de A Coruña unha noticia sobre uns verquidos no río Xarío que posteriormente irían parar á Praia Grande de Miño. Ditos verquidos son sumamente prexudiciais para o motor económico de Miño e para o medio ambiente polo que o Concello de Miño non pode quedar de brazos cruzados diante de dita situación.

Por todo o antedito

PROPONSE

1º.- Que o Concello de Miño investigue a existencia de ditos verquidos.

2º.- Que o Concello faga as xestións pertinentes para paralizar de inmediato ditos verquidos.

3º.- Que o Concello denuncie diante do Seprona aos causantes de ditos verquidos”.

Sométese a votación a urxencia desta moción e por unanimidade apróbase a mesma.

A Presidencia sinala que se interesou a Espina e Delfín, empresa contratada para atender os servizos de auga e saneamento, que nos informe sobre estes vertidos, e tan cedo como o recibamos procederemos ó suposto. **A moción apróbase por unanimidade.**

- O mesmo concelleiro dá lectura ao seguinte: “O día 04/08/06 saía publicado no diario La Voz de Galicia unhas declaracións do Alcalde deste Concello nas cales a súa postura non era a de oporse a instalación dun cemiterio nuclear no noso termo municipal. Ditas declaracións foron matizadas en días posteriores pero todo fai indicar que se produciron realmente o que produce unha fonda inquietude entre os veciños e veciñas de Miño pois deixan ver as claras o posicionamento do máximo rexedor deste Concello.

Por todo o antedito

PROPONSE

1º.- Considerar como irresponsables as manifestacións feitas polo Sr. Alcalde de Miño sobre a súa non negativa a instalar un cemiterio nuclear no termo municipal de Miño.

2º.- Acordar por parte deste pleno a negativa desta corporacións permitir instalar calquera tipo de instalación que empregue a enerxía nuclear ou os seus residuos”.

A Presidencia procede a votar a urxencia da moción e apróbase por unanimidade esta, polo que se entra a debatela.

Pide a palabra o Sr. Herva Mallo e sinala que o que houbo foi unha chamada do xornal e a Alcaldía díxolle que non se consideraba capacitado para determinar se era ou non necesaria e axeitada a enerxía nuclear e ao insistir o xornalista, indicoulle que se reiteraba no dito de que non estaba capacitado para debater sobre este tema e que respectaba a aceptación que puideran acordar outros municipios e sería de necios pensar que se instale un cemiterio nuclear neste municipio de Miño, que non ten ningunha das características esixidas.

A Presidencia sinala que dado que ao día seguinte o xornal xa modificou estas declaracións, que non foron entendidas correctamente, e posto que todo o mundo está na contra da instalación do cemiterio nuclear no municipio, elimínase o punto primeiro da moción e o **Pleno do Concello acorda por unanimidade a negativa desta Corporación a permitir instalar calquera tipo de instalación que empregue a enerxía nuclear ou os seus residuos.**

- O Concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG dá lectura ao seguinte escrito: “Neste verán púxose en marcha o coñecido como carné por puntos. A aplicación de dito carné conlevou, cando menos inicialmente, a redución do número de falecidos por sinistros de circulación en todo o estado agás en Galicia onde se incrementou.

Todas as administracións debemos velar por mellorar a seguridade das estradas nembargantes estes días pasados puidemos constatar no noso termo municipal un procedemento de mantemento de estradas da Deputación Provincial que ao noso entender son unha sinrazón pois significa por trampas para que os condutores perdan o control dos vehículos por deslizamento. Estamos a referirnos ao mantemento dos viais provinciais mediante a rego con chapapote das estradas e un posterior estendido de grava solta sobre a calzada.

Por todo o antedito

PROPONSE

1º.- Que o Concello de Miño siga sen empregar este método de conservación dos seus viais por ser un grave perigo para a circulación de vehículos.

2º.- Que o Concello de Miño se dirixa a Deputación Provincial para demandarlle o NON uso deste método como xeito de reparar e conservar os seus viais por ser totalmente contraproducentes para a seguridade viaria”.

Sométese a votación a urxencia da moción, e esta apróbase por unanimidade e sen debate **é aprobada por unanimidade nos seus propios termos.**

- O Sr. Abraira Sobrado, concelleiro do BNG, dá lectura ao seguinte escrito: “A vaga de lumes que asola Galiza é un verdadeiro drama ecolóxico, económico e social. A existencia de dita vaga non esta polo de agora o suficiente clara como para poder discernir os causantes e os motivos da mesma. Entre as hipóteses de investigación aparece como liña de traballo a hipótese dunha trama organizada, o que conlevaría a deducir a existencia dunha organización terrorista da cal se descoñece a súa intencionalidade

Por todo o antedito

PROPONSE

1º.- Que o Concello de Miño se solidarice con todos os afectados nomeadamente coas familiar das vítimas mortais.

2º.- Que o Concello de Miño se poña a disposición da Xunta de Galiza para coordinarse na lista contra os incendiarios e contra os incendios.

3º.- Que o Concello de Miño condene publicamente aos autores dos lumes sexa cal sexa o motivo de ter prendido lume ao monte.

4º.- Que o Concello de Miño inicie de xeito inmediato a aplicación do Decreto 105/2006 do 22 de xuño de 2006 no que se refire as súas competencias”.

Sometida a votación de urxencia esta moción, é aprobada por unanimidade e procédese a debater a mesma.

A Presidencia sinala que o seu grupo ten unha moción en termos semellantes, procedendo o concelleiro Sr. Herva Mallo á lectura do seguinte escrito: “Por primeira vez en moitos anos, e de xeito sorprendente, a Consellería de Medio Rural decidiu este ano excluír o noso Concello do convenio que nos permitía dispoñer dunha ou dúas cuadrillas contraincendios, como viña sucedendo ata agora.

Pensamos que esta medida respondía a un cambio de estratexia na loita contra o lume, e que a propia Consellería dispoñía dun operativo especial que cubriría, no caso preciso, calquera incidente que puidera producirse no noso Concello.

A praga de incendios que padece a nosa Comunidade está a demostrar a falta de medios, así como a falta de coordinación e a incapacidade da Consellería para atallar este grave problema.

Por todo iso, e ante o perigo de que o lume prenda nos nosos montes, sen que na actualidade poidamos dispoñer dos medios precisos para loitar contra el, O Grupo Popular propón ao Pleno a seguinte moción: Solicitar da Consellería do Medio Rural a concesión dunha cuadrilla contraincendios o antes posible”.

Apróbase por unanimidade a urxencia e éntrase a debater.

- O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado manifesta que está a favor do que se pide, pero é demagóxica a argumentación e algunha culpa terá o Concello, se non non se tomaron medidas para previr os incendios.

A Presidencia contesta que non hai ningunha demagoxia, os equipos que tivemos estes anos funcionaron perfectamente. A concelleira Sr. Vilariño González manifesta que dende o Concello tomouse algunha medida, xa que se ditou un bando sinalando a obriga de limpar os montes.

O concelleiro Sr. Cortizas do PSG-PSOE sinala que vai votar a favor, aínda que os incendios se produzan por moitos medios que empreguemos, discrepando na motivación, pero no fondo estamos a favor. O Sr. Abraira do BNG sinala que neste intre están traballando 7.000 persoas nos labores de extinción.

Sométese a votación a moción presentada, e con dúas abstencións dos concelleiros Sres. Abraira do BNG e Laya Carril e dez votos a favor dos asistentes membros da Corporación que asisten á sesión, **queda aprobada non seus propios termos.**

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- O Sr. Abraira Sobrado, concelleiro do BNG di o seguinte rogo; que se proceda a asumir as competencias do Decreto 105/2006 relativo á prevención de incendios forestais e regulación dos aproveitamentos e repoboacións forestais e que se cumpran os ditames que establece para todos os montes.

A Presidencia contesta que non é tan doado, que hai xente que fixo plantacións e non as retiraron; o Sr. Abraira replica que se se refire á miña sogra, debe cumprir como todos este Decreto, o que non se pode facer é que uns cumpran a lei e outros non.

O concelleiro Sr. Cortizas do PSG.PSOE presenta sobre o paso de peóns de madeira da praia de Ponte do Porco que está abandonado.

Contesta a Presidencia que o abandonan os vándalos que fan estragos no mobiliario urbano, descoñecendo quen o fixo.

Non habendo outros asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e trinta minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente acctal.

O secretario